

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL CORDO BOULLOSA
CURSO: 4º-5º-6º
MATERIA: INGLÉS
DATA: MAYO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles INGLÉS 4º-5º-6º- primaria

4º EP

- 4º-PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.
- 4º-PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- 4º-PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- 4º-PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).
- 4º-PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.
- 4º-PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.
- 4º-PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
- 4º-PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.
- 4º-PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).
- 4º-PLEB5.8. Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.
- 4º-PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.

5º EP

- 5º-PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.
- 5º-PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.
- 5º-PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación acorde coa súa idade.
- 5º-PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.
- 5º-PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.
- 5º-PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições gustos...
- 5º-PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...).
- 5º-PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
- 5º-PLEB4.10. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.

- 5º-PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.
- 5º-PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente, a afirmación e a negación...
- 5º-PLEB5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...
- 5º-PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.
- 5º-PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
- 5º-PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.

6º EP

- 6º-PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información.
- 6ºPLEB1.5. Entende a información esencial que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.
- 6º-PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese .
- 6º-PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo .
- 6º-PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e identifica os e as personaxes principais.
- 6º-PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais .
- 6º-PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple .
- 6º-PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).
- 6º-PLEB5.3. Da información persoal sobre asuntos cotiás, expresa sentimentos, ofrece algo a alguén, pide prestado algo.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> *Envío de fichas a través do blog do centro. *Envío de correccións. *Seguimento das libretas do alumnado.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> *Vídeos de aprendizaxe. *Fichas de repaso e reforzo con diferentes tipos de exercicios (reading, writing, comprehension, ...) *Vídeos e vídeo-contos con fichas de comprensión. *Libretas do alumnado.
Cualificación final	<p>A nota final basearase nos resultados obtidos nas avaliacións 1ª e 2ª, así como tamén na consecución dos estándares e competencias imprescindibles recollidos nesta programación adaptada.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas . * Amosar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado. * Recoñecer estruturas sintácticas básicas. * Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares. * Escribir textos sinxelos compostos de frases simples.
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>A cualificación basearase na análise da produción do alumnado.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> *Fichas de repaso. *Libreta do alumno ou alumna. *Vídeos con contidos de reforzo.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades envíanse por semana, incluíndo fichas para que repasen as alumnas e alumnos con dificultades de aprendizaxe e os que teñen a materia pendente do curso anterior, desde exercicios de comprensión lectora, video-contos, respostas a preguntas de información persoal, vídeos de repaso
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O traballo neste terceiro trimestre baséase no repaso e reforzo de conceptos dados anteriormente, co fin de que as alumnas e alumnos consoliden, o no seu caso, repasen e afiancen os seus coñecementos que teñen da asignatura. O envío dos exercicios faise a través da páxina web do cole.
Materiais e recursos	Vídeos e enlaces a páxinas web. Libros do alumnado para consulta e repaso. Ordenador. Libreta do alumno ou alumna.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias das modificacións da programación do curso 2019-20 pola situación extraordinaria que esta a acontecer e enviaráselle, polos medios de contacto que estamos a utilizar, o enlace a páxina web do centro onde se publicará.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro con accesibilidade á comunidade educativa.